

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ALFONSO D.RODRÍGUEZ CASTELAO DE VIGO

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN INFANTIL

MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3. METODOLOXÍA

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

5. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROGRAMACIÓN TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2019-2020

1. INTRODUCCIÓN

A alerta Sanitaria que estamos a padecer a causa do Coronavirus, cambiou a nosa forma de traballar por completo.

Un dos retos ao que nos afrontamos é que as familias poidan compaxinar a súa nova situación laboral e persoal, coa atención académica dos seus fillos/as, intentando que poidan seguir realizando algunhas das actividades que facían cada día no colexio. Por todo isto, desde as aulas creamos **propostas lúdicas e de carácter globalizado, algunhas delas tamen orientadas a vida práctica e diaria do fogar**, que chegarán aos nenos e nenas e ás súas familias a través da páxina web do colexio, das aulas virtuais e dos diferentes blogues (Educación Infantil. Biblioteca. Música...)

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Neste trimestre o noso obxectivo primordial será reforzar e consolidar as aprendizaxes acadadas nos anteriores trimestres tendo en conta a realidade curricular na que nos atopamos e para iso faremos especial fincapé nas seguintes competencias clave:

- **Competencias sociais e cívicas**: iniciándose na comprensión dos sucesos que acontecen no medio e sendo capaces de predicir consecuencias, tolerando a frustración en diferentes situacións da vida cotiá, desenvolvendo actitudes de responsabilidade e respecto cara aos demais e cara a un mesmo/a e desenvolvendo estratexias que lle permitan protexer a saúde individual e colectiva.

- Competencia dixital: comezando a utilizar o equipamento informático dispoñible no fogar e aproveitando a información que facilitan as tecnoloxías.Competencia para aprender a aprender: elixindo a forma máis axeitada de realizar unha actividade, organizando a información que lles chega e despertando o desexo e curiosidade por aprender.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: comunicando verbalmente as súas necesidades, desexos e emocións, tendo criterio para elixir, detectando necesidades e buscando solucións, fomentando o despertar da súa creatividade e imaxinación en propostas que aumenten a súa iniciativa creadora.

3. METODOLOXÍA

Partimos duns criterios **metodolóxicos** que favorecen o desenvolvemento das competencias. Así destacamos os seguintes:

- 1) Fomentar a actividade dos alumnos/as durante o tempo de confinamento.
- 2) Favorecer a autonomía.
- 3) Empregar distintas fontes de información.
- 4) Interactuar entre nós.
- 5) Plantexar problemas ou situacións reais ou contextualizadas.

As **metodoloxías** que empregamos para favorecer a adquisición das competencias ao longo deste terceiro trimestre serán as seguintes:

- Actividades lúdicas de carácter globalizado e da vida diaria e do fogar: empregando diferentes materiais e recursos (de refugallo, material doméstico...)
- Traballo por proxecto: o proxecto do centro será o fío condutor de moitas das tarefas propostas. O noso centro traballa anualmente un **Proxecto Documental Integrado** (PDI), sendo o título deste ano **“Primus circumdediste me”** e onde desenvolveremos actividades relacionadas coa

- volta ao mundo de Magallanes e Elcano, traballada previamente no primeiro e segundo trimestre. Aprendizaxe de servizo, xa que procuramos promover nos nenos/as actitudes que favorezan o coidado da saúde para evitar contaxios na comunidade, así como valorar o servizo tan importante que realizan algúns sectores cara os demais.
- Aprendizaxe colaborativo: xa que contan coa axuda de todos os membros da unidade familiar que con eles conviven e debido a que, sen a súa participación e axuda, non sería posible levar a cabo as propostas.
- Emprego das TICS: xa que serán o vinculo de unión entre as mestras e as familias, establecendo un acompañamento familiar e virtual a través das seguintes ferramentas dixitais:
 - o Na páxina web do colexio www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfonsorodriguezcastelao
 - o Nas aulas virtuais de Educación Infantil (3 anos, 4 anos e 5 anos) así como no blogue de <http://asementeiradenavia.blogspot.com/>.

En ambas as dúas poderase levar a cabo un seguimento diario das actividades e propostas publicadas por parte das mestras.
 - o Nos faladoiros das Aulas Virtuais do centro.
 - o Na Plataforma Abalar, para mandar información de carácter xeral ás familias.
 - o Por medio dos correos electrónicos das aulas, para que nos fagan chegar dúbidas, información, ou calquera foto ou vídeo que realicen sobre as actividades propostas.
- Metodoloxía da lectoescritura e do proceso lóxico-matemático: seguindo unha metodoloxía construtivista e atractiva con carácter lúdico que permita espertar o sentido da curiosidade pola aproximación ao proceso lecto-escritor e matemático a través da exploración e manipulación.

- Organización do tempo: propoñendo actividades diarias e que as familias poden levalas a cabo dentro da súa dispoñibilidade horaria.

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Desde o Departamento de Orientación estase a levar un contacto directo co Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e as súas familias a través de diferentes actividades por parte das especialistas de PT e AL, así como tamén a través de videochamadas por parte desta última.

Ademais, as mestras titoras estarán en continua comunicación con estas familias, así como co profesorado especialista de AL ou PT que impartirá directrices e recomendacións as mesmas de forma continua.

5. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

En canto a relación coas familias, demos moita importancia ao especial carácter emocional neste acompañamento durante a crise sanitaria, amosando unha especial sensibilidade de cara a satisfacer e comprender as necesidades da unidade familiar, empregando estas diferentes ferramentas dixitais:

- Plataforma Abalar, para mandar información de carácter xeral ás familias.
- Chamadas telefónicas, para comprobar as súas posibilidades de acceso a plataformas tecnolóxicas, cando é necesario establecer unha comunicación rápida e fluída, así como para saber de primeira man a situación persoal con respecto á crise sanitaria.
- Faladoiros das aulas virtuais.
- Por medio dos correos electrónicos das aulas, para que nos fagan chegar dúbidas, información, ou calquera foto ou vídeo que realizan sobre as actividades propostas. Estes correos son:
 - leonesdenavia@gmail.com (para 3 anos A)
 - cocodrilosdenavia@gamil.com (para 3 anosB)
 - granxanavia@gmail.com (para 4 anos A)
 - dinosnavia@gmail.com (para 4 anos B)

- ceipcastelaoinfantil5a@gmail.com (para 5 anos A)
- ceipcastelaoinfantil5b@gmail.com (para 5 anos B)
- Para o alumnado que non dispón de acceso a plataformas tecnolóxicas, o centro fará chegar a través do Concello material funxible seleccionado para este momento.

6. Información e publicidade	
Publicidade	A través da páxina web do centro.